



Boletín N° 291. Viernes, 19 de diciembre de 2008

[IV. ADMINISTRACIÓN LOCAL](#) [IV.2 MUNICIPAL](#) [A CORUÑA](#) [URBANISMO](#) [PLANEAMENTO](#)

ANUNCIO Pág. 14920 Reg. 08/15169-2.

[Anterior](#)

[Siguiente](#)

#### Modificacion. Normativa urbanística

A modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal do Concello da Coruña para a definición dunha área residencial no Campus Universitario de Elviña, promovido pola Consellería de Vivenda e Solo, aprobouse definitivamente mediante Orde dictada o 14 de novembro de 2008 pola Sra. conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

Contra esta orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán dende o día seguinte ó da súa publicación, segun dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contenciosa-administrativa.

De conformidade co dispuesto no artigo 92 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e no artigo 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, publicase a continuación a normativa e ordenanzas da modificación aprobada definitivamente.

#### **“3. NORMATIVA**

##### **Área Residencial Universitaria.**

A presente normativa substitúe integralmente a «Ordenanza I» do Plan Parcial de 1991 que deixa de ser de aplicación no ámbito da presente modificación.

##### **Artigo 1. Definición e ámbito.**

Defíñese como área residencial universitaria o sector destinado á

construcción de vivendas protexidas en réxime de aluguer para residencia de estudiantes, profesores ou persoal da universidade, con accesos e instalacións comúns.

Abrangue a área grafada co código ARU no plano de Ordenación da presente modificación puntual.

### **Artigo 2. Uso e tipoloxía característicos.**

O uso característico é o residencial comunitario de aloxamentos protexidos en réxime de aluguer sen quedar limitada a tipoloxía edificatoria.

### **Artigo 3. Condicíons da edificación.**

a) Edificabilidade.

A edificabilidade máxima permitida no sector é de 18.450 m<sup>2</sup> de teito.

b) Altura máxima da edificación.

Limítase por número de plantas fixándose un máximo de 3 plantas correspondentes a planta baixa más dúas plantas piso (PB+2).

c) Altura máxima das plantas.

Permítese reducir ata un mínimo de 2,90 m a altura das plantas baixas cando o seu uso sexa residencial.

d) Densidade máxima de vivendas.

Non se limita.

e) Cornixas e aleiros.

Non se limita a súa dimensión.

f) Plantas habitables

Nas edificacións que pola súa mellor adaptación topográfica só dispoñan dunha fachada sobre a rasante, terán a consideración de plantas sobre rasante e habitables con uso residencial aqueles espazos comprendidos entre a fachada e un fondo edificable máximo de 10 metros.

### **Artigo 4. Condicíons dos usos.**

a) Usos complementarios

a.1) Comercial.

- a.2) Hostaleiro.
  - a.4) Espectáculos e recreativo de categoría 1.<sup>a</sup>.
  - a.5) Salas de reunión.
  - a.6) Uso dotacional de equipamento.
- b) Usos alternativos
- b.1) Vivenda colectiva.
  - b.2) H ospedaxe en edificio exclusivo".

O que se fai público para xeral coñecemento.

Os gastos desta publicación aboaranse pola Consellería de Vivenda e Solo.

A Coruña, 1 de decembro de 2008

O director da Área de Urbanismo

Asdo.: Alfredo Cerezales Fernández

Reg. 08/15169-2

De acuerdo con el artículo 7.1 de la Ley 5/2002, del 4 de abril, Reguladora de los Boletines Oficiales de las Provincias, los originales serán transcritos en la misma forma en que se hallen redactados y autorizados por el órgano remitente, sin que por ninguna causa puedan variarse o modificarse sus textos una vez éstos hayan tenido entrada en el Boletín Oficial, salvo que el órgano remitente lo autorice de forma fehaciente.